



VALDOVIÑO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA TRINTA DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000039

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e quince minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 733 de data 29 de novembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 23.11.23 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 23.11.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS COSTAS DO SAF LIBRE CONCORRENCIA LOGO DA MODIFICACIÓN CONTRACTUAL DO SERVICIO.-

PROPOSTA DE ALCALDIA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACION DA MODIFICACION DAS COTAS DO SAF LIBRE CONCORRENCIA LOGO DA MODIFICACION CONTRACTUAL DO SERVICIO

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de proceder á **revisión das cotas de copagamento das persoas usuarias en activo do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrancia tras a modificación contractual pola revisión do prezo do servizo** e visto o informe da técnico responsable do departamento de servizos sociais, que a continuación se transcribe:

INFORMO:

- Que en data de 02 de novembro de 2023 apróbese polo Pleno do Concello de Valdoviño, en sesión ordinaria, a modificación do prezo/hora do servizo de axuda no fogar para adaptalo á revisión salarial estipulada no convenio colectivo de aplicación, e seguindo os criterios establecidos nos pregos de cláusulas administrativas que rexen o contrato do servizo de axuda no fogar no Concello de Valdoviño.

- Que o prezo/hora do servizo queda fixado en 19,04 euros/hora, sen IVE engadido, o que representa para a modalidade de libre concorrencia un prezo hora de 20,94 euros/hora co IVE engadido pois se lle aplica un IVE do 10%. Este prezo aplícase dende a data de sinatura do contrato de revisión de prezo (21.11.2023) ata, cando menos, o 31 de decembro de 2023. Dende o ano 2024 en diante, ata a conclusión do contrato, o prezo/hora actualizarase segundo corresponda por incremento anual do IPC e, en consecuencia, polo correspondente incremento salarial.
- Que o artigo 20 punto 1 da Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Valdoviño establece o seguinte: “No artigo 20 da Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Valdoviño, establece a “Participación das persoas usuarias no financiamento” e di no punto 1 “para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrencia, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no artigo 18 desta ordenanza:

CAPACIDADE ECONOMICA	PARTICIPACION	
	NO	CUSTO DO
Menor ou igual ao 0,8 do IPREM (Menor ou igual a 480)	0%	
Maior de 0,80 e menor ou igual a 1,00 do IPREM (Maior de 480)	10%	
Maior de 1,00 e menor ou igual a 1,15 do IPREM (Maior de 600)	12%	
Maior de 1,15 e menor ou igual a 1,30 do IPREM (Maior de 690)	15%	
Maior de 1,30 e menor ou igual a 1,50 do IPREM (Maior de 780)	18%	
Maior de 1,50 e menor ou igual a 1,65 do IPREM (Maior de 900)	20%	
Maior de 1,65 e menor ou igual a 1,80 do IPREM (Maior de 990)	25%	
Maior de 1,80 e menor ou igual a 2,00 do IPREM (Maior de 1080)	30%	
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2,15 do IPREM (Maior de 1200)	40%	
Maior de 2,15 e menor ou igual a 2,30 do IPREM (Maior de 1320)	45%	
Maior de 2,30 e menor ou igual a 2,50 do IPREM (Maior de 1500)	50%	
Maior de 2,50 e menor ou igual a 3,00 do IPREM (Maior de 1800)	60%	
Maior de 3,00 e menor ou igual a 3,50 do IPREM (Maior de 2100)	65%	
Maior de 3,50 e menor ou igual a 4,00 do IPREM (Maior de 2400)	70%	
Maior de 4,00 e menor ou igual a 4,50 do IPREM (Maior de 2700)	75%	
Maior de 4,50 e menor ou igual a 5,00 do IPREM (Maior de 3000)	80%	
Maior de 5,00 e menor ou igual a 5,50 do IPREM (Maior de 3300)	85%	
Maior de 5,50 do IPREM (Maior de 3.300)	90%	

O cálculo establécese co importe do IPREM do ano 2023 = 600€/mes

- O punto 4 do mesmo artigo da Ordenanza establece o seguinte: “A cuantificación do prezo da hora do servizo determinarase aplicando a porcentaxe correspondente en función da súa capacidade económica sobre o custo por hora de prestación do servizo que deba aboar o concello á empresa adjudicataria do mesmo, en función do contrato asinado entre as dúas partes, e todo elo, polo número de horas de prestación do servizo”.
- Que o prezo base de cálculo para establecer a cota de copagamento das persoas usuarias na modalidade de libre concorrencia, logo da aprobación da modificación, queda fixado en 20,94 euros/hora con data de efectos do 21.11.2023 e, polo menos, ata 31.12.2023
- Feitas as valoracións oportunas, as novas cotas para as persoas usuarias en activo quedan do seguinte xeito:

Persoa usuaria	CE Mensual	Porcentaxe e participac.	Cota antes da revisión	Precio/h do contrato tras acordo plenario do 02.11.2023 (IVE engadido)	Cota tras a revisión
A [REDACTED]	875,87	18%	3,35 €/h	20,94 €/hora	3,77 €/h

E [redacted] A [redacted] [redacted]	526,01	10%	1,86 €/h	20,94 €/hora	2,10 €/h
1 Ca [redacted] F [redacted] Er [redacted]	1.959,42	65%	0 €/h	20,94 €/hora	0 €/h
1 Ca [redacted] F [redacted] Vic [redacted]	565,38	10%	0 €/h	20,94 €/hora	0 €/h
C [redacted] D [redacted] Ma [redacted]	1.455,28	50%	9,30 €/h	20,94 €/hora	10,47 €/h
D [redacted] F [redacted] A [redacted] M [redacted]	1.333,86	45%	8,36 €/h	20,94 €/hora	9,42 €/h
Fe [redacted] [redacted] F [redacted] [redacted]	1.076,84	25%	4,65 €/h	20,94 €/hora	5,24 €/h
C [redacted] Jc [redacted] [redacted]	891,54	18%	3,35 €/h	20,94 €/hora	3,77 €/h
C [redacted] Ma [redacted] C [redacted]	1.274,87	45%	8,37 €/h	20,94 €/hora	9,42 €/h
Ca [redacted] I [redacted] M [redacted] D [redacted]	908,19	20%	3,72 €/h	20,94 €/hora	4,19 €/h
C [redacted] V [redacted] Jc [redacted]	1.142,07	30%	5,58 €/h	20,94 €/hora	6,28 €/h
C [redacted] [redacted] C [redacted], Ca [redacted]	850,62	18%	3,35 €/h	20,94 €/hora	3,77 €/h
Lc [redacted] Ab [redacted] E [redacted]	936,02	20%	3,72 €/h	20,94 €/hora	4,19 €/h
I [redacted] Ar [redacted] Ma [redacted] O [redacted]	879,81	18%	3,35 €/h	20,94 €/hora	3,77 €/h
I [redacted] F [redacted] S [redacted]	1.081,04	30%	5,58 €/h	20,94 €/hora	6,28 €/h
Pa [redacted] Te [redacted] Jc [redacted] M [redacted]	463,21	0%	0 €/h	20,94 €/hora	0 €/h
Pe [redacted] I [redacted] M [redacted] Jc [redacted]	464,02	0%	0 €/h	20,94 €/hora	0 €/h
P [redacted] Na [redacted] Er [redacted]	3169,36	85%	15,80 €/h	20,94 €/hora	17,80 €/h
P [redacted] E [redacted] O [redacted]	2.623,89	75%	13,94 €/h	20,94 €/hora	15,71 €/h
P [redacted] Be [redacted] Ma [redacted] Me [redacted]	760,22	15%	2,79 €/h	20,94 €/hora	3,14 €/h
R [redacted] Am [redacted], C [redacted]	1.134,69	30%	5,58 €/h	20,94 €/hora	6,28 €/h
R [redacted] S [redacted] T [redacted]	889,67	20%	3,72 €/h	20,94 €/hora	4,19 €/h
Sa [redacted] H [redacted] Ar [redacted]	1.327,30	45%	8,37 €/h	20,94 €/hora	9,42 €/h
V [redacted] Jc [redacted] M ^a Ca [redacted]	1.067,59	25%	4,65 €/h	20,94 €/hora	5,24 €/h

Persona usuaria con exención de cota de copagamento por Decreto de Alcaldía de 10/09/2021 visto o informe da traballadora social e segundo o artigo 21.1 da Ordenanza reguladora do SAF.

² Persona usuaria con exención de cota de copagamento por Decreto de Alcaldía de 01/08/2019 visto o informe da traballadora social e segundo o artigo 21.1 da Ordenanza reguladora do SAF.

PROPOÑO

Á xunta de Goberno Local a aprobación do seguinte:

- Aprobar a modificación de cotas proposta arriba na taboa, con data de efectos do 21 de novembro de 2023, data de sinatura da modificación contractual; así como proceder a notificar ás correspondentes persoas usuarias afectadas.
- Manter a aprobación da exención de cotas indicadas arriba, xa resoltas en resolucións previas.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde Alberto González Fernández na data indicada á marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/G003/000757).

**3º.- APROBACIÓN DO CORRECTO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:
III CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AÑO AIRE LIBRE CONCELLO DE
VALDOVIÑO 2023.-**

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Rita Díaz González, Técnica de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, dacordo á información publicada no BOP do luns 31 de xullo de 2023 BOP NÚMERO 144, en relación ao **IIIº CERTAME DE PINTURA RÁPIDA AO AIRE LIBRE CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023**

COMUNICA

que o concurso se desenvolveu dacordo co estipulado nas bases, e

INFORMA que os gañadores do mesmo en función das puntuacións emitidas polo xurado determinado para tal ocasión recollidas no documento correspondente a tal efecto son

**1º PREMIO dotado con 1000,00 euros – mil euros- MANUEL RIVAS
CARBALLEIRA**

2º PREMIO con 500,00 euros –cincocentos euros -ANDRÉS GABARRES CAGIAO

**3º PREMIO, con 300,00 euros – trescentos euros - JUAN CARLOS TRIÑANES
BUCETA**

**PREMIO LOCAL, 200,00 euros –douscentos euros -LEOPOLDO GONZÁLEZ
RAPELA**

Polo que se propón o pagamento de ditos importes aos interesados que presentaron toda a documentación exixida en tempo e forma.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 30 de novembro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, a sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X999/000103).

4º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

**RECTIFICACION DE ERRO PADECIDO NO ACORDO DE DE LICENZA DE
PARCELACIÓN URBANÍSTICA (EXPTE. NÚM. 03/2021); ADOPTADO EN
SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.10.2023.**

“En Xunta de Goberno Local de data 19.10.2023 acordase a concesión da licenza urbanística de parcelación do expediente nº 03/2021.

A Secretaría, debidamente autorizada pola Presidencia fai constar ao respecto a existencia dun erro na proposta de acorco, e acordo adoptado, relativo ao importe da taxa e de que procede a rectificación conforme o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, “*Revogación de actos e rectificación de erros. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*”.

Polo que a Xunta de Goberno Local, neste caso de oficio, procede á emenda de dito erro, de xeito que no punto 2º do acordo adoptado debe figurar: **a cantidade de 462.69 €**; sin que o contido do acordo adoptado, sofra ningún outro cambio; procedendo tamén a trasladar dita corrección aos negociados administrativos municipais implicados para os debidos efectos.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade á sesión acordou a rectificación do erro padecido transcrita (Expte referencia: 2021/U18/000003).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

